

Procedemento: CT207E. Subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2025.

Asunto: Nomeamento da Comisión de valoración.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 23 de xaneiro de 2025 no Diario Oficial de Galicia, nº 15, publícase a Resolución do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2025.
2. O artigo 14 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic e estará formada por:

- a) Dúas persoas expertas no ámbito audiovisual das cales unha exercerá a presidencia.
- b) Dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, unha das cales desempeñará a secretaría e non terá dereito a voto.

A mesma base recolle tamén que *"a condición de membro da Comisión ten carácter persoal e non permite actuar por delegación nin por substitución en ningún caso"*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.



2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

3. No artigo 14 das bases reguladoras establécese que a Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: Jara Yáñez Sancho
- Vogal: Alberto Lobelle Losada
- Vogal: Jaime Pena Pérez, pertencente á plantilla da Agadic
- Secretaria : M^a Dolores Meijomín Rodríguez, pertencente á plantilla da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

